

Ref.: PPL2401 (praza reclamada)

**PRAZA DA CATEGORÍA DE PROFESORADO PERMANENTE LABORAL**  
**REFERENCIAS PPL2401-C01-413-PPL-TC-01, PPL2401-C01-413-PPL-TC-02**  
**E PPL2401-C01-413-PPL-TC-03**  
**NOVAS PROPOSTAS DE PROVISIÓN (Doc6)**

Con data 24 de xullo de 2025 publicanse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo propostas de provisión (Doc6) das prazas PPL2401-C01-413-PPL-TC-01, PPL2401-C01-413-PPL-TC-02 e PPL2401-C01-413-PPL-TC-03 abríndose, segundo dispón a convocatoria, un prazo de 5 días hábiles para a interposición de reclamacións.

A candidata Helena Fernández Lago presenta en tempo e forma unha reclamación única contra as tres.

O 1 de setembro de 2025, unha vez admitida a trámite, publícase o oportuno anuncio de prazas reclamadas, abríndose un prazo de 5 días hábiles para que o resto de candidatos e candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas e iniciándose así a tramitación perante a Comisión de Reclamacións de Prazas a Corpos Docentes con Vinculación Permanente (en adiante CRCDVP).

A mencionada CRCDVP, unha vez analizados a reclamación, as alegacións presentadas polos/as demais candidatos/as e o/s informe/s da comisión de selección, na súa xuntanza do 20 de outubro de 2025 acordou retrotraer, nos tres casos, o procedemento ao momento de aprobación do baremo (Doc2).

Desenvolvidas novas avaliacións e achegadas novas propostas de provisión (Doc6) por parte da comisión de selección, a CRCDVP, na súa xuntanza de 16 de decembro de 2025 acordou aprobar esas novas propostas, que se xuntan a esta resolución.

Consonte dispón o artigo 36.2 do Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, esta resolución esgota a vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá acudir á vía xudicial ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR

Taboleiro de anuncios de Sede electrónica da Universidade de Vigo

